



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística

CONVOCATORIA: Convenio APLU

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 15/09/2021 - 08:00h ao 22/09/2021 - 14:00h

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Por unha banda, no curso preténdense abordar as novidades normativas na materia de ordenación do territorio e urbanismo, como a recente entrada en vigor da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, así como as últimas modificacións efectuadas sobre a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Por outra banda, esta acción formativa ten por obxecto clarificar as relacións entre os diferentes suxeitos que operan na defensa da ordenación do territorio, do urbanismo e do litoral: fiscalía, xulgados e tribunais do poder xudicial, as diferentes Administracións territoriais e colexios profesionais que velan polo adecuado exercicio das profesións cualificadas para o proceso de urbanización e edificación.

Así, preténdese obter a visión de diferentes axentes que colaboran para o exercicio das súas respectivas potestades e competencias en defensa da legalidade territorial, urbanística e da ordenación do litoral en Galicia. Desta maneira, proxéctase a participación de representación da Fiscalía do Medio Ambiente, encargada de exercer a acusación pública fronte os delitos contra a ordenación do territorio; da Administración Xeral do Estado competente para a regulación xeral en materia de costas, así como para a vixilancia en defensa do dominio público marítimo-terrestre a través da Demarcación de Costas en Galicia; así como do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que vela polo correcto exercicio profesional dos encargados de atender á complexa e variada normativa sectorial con incidencia sobre o territorio e urbanismo.

DESTINATARIOS

Este curso está dirixido preferentemente á formación do persoal empregado público da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, da APLU e demais persoal das entidades adscritas á dita consellería; así como ao persoal técnico e xurídico de concellos adheridos á APLU que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística.

No caso de excedencia de prazas vacantes, está destinado a calquera empregado público con interese na materia.

PROGRAMA

Novidades en materia de ordenación do territorio e urbanismo: Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e reformas da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia . MARÍA GIL LIÑARES.

Actuacións previas: a comprobación dos feitos, a data de terminación das obras e a nova realidade construtiva . IRIA ALFONSÍN COEJO

Declaracións periciais e como testemuñas ante xulgados do contencioso-administrativo e penal. CARLOTA TARRÍO VILÁ.

Relacións entre a Fiscalía e as Administracións Públicas en materia de disciplina urbanística. Análise do artigo 319 do Código penal. CARMEN EIRO BOUZA. Fiscalía de Medio Ambiente.

Relación de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma na vixilancia da costa e na protección do dominio público marítimo-terrestre. Abordaxe do réxime transitorio aplicable ás edificacións

preexistentes á entrada en vigor da Lei de Costas sobre a zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e consecuencias da reforma operada pola Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral. RAFAEL EIMIL APENELA.

Afeccións sectoriais sobre o solo rústico: coordinación inter ou intra administrativa. JUAN RAPOSO ARCEO.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Seguirase a seguinte orde de prelación:

1º. Preferencia do persoal técnico e xurídico da APLU: persoal de inspección urbanística, de subinspección urbanística, persoal das xefaturas de servizo da APLU.

2º. Persoal técnico e xurídico da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística .

3º. Persoal técnico e xurídico de concellos adheridos á APLU que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística.

4º. Persoal técnico e xurídico das demais entidades adscritas á dita consellería que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística .

5º. No caso de excedencia de prazas vacantes, seguiranse os criterios xerais de selección da EGAP

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO

INICIO / FIN: 04/10/2021 a 08/11/2021

NUM. PRAZAS: 60

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 09/11/2021 ás 12:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 04 de outubro de 09:30 a 13:30. O día 13 de outubro de 10:30 a 13:30. O día 20 de outubro de 10:30 a 12:30. O día 26 de outubro de 09:00 a 10:55. O día 02 de novembro de 10:30 a 13:30. O día 08 de novembro de 10:30 a 12:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA